



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: MC 11.2026

Expediente: 2026/G003/000325

Visto o expediente de modificación de créditos **núm. 11/2026** por xeración de créditos ao orzamento do Concello e vistos os informes da Secretaría – Intervención, núm. 113 e 114 do 08/06/2026.

No exercicio das atribucións que me confiren as bases de execución do vixente Orzamento en relación co artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e os artigos 43 a 46 do Real Decreto 500/1990,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos **núm. 11/2026**, do Orzamento vixente na modalidade de xeración de créditos, de acordo ó seguinte detalle:

Altas en Partidas de Gastos.

Partida	Descrición.	Crédito actual / €	Crédito xerado / €	Total dispoñible / €
1532.61900	Outros investimentos de reposición de infraestruturas e bens dest. Int.xeral	0,00	18.335,15	18.335,15

Altas en Partidas de Ingresos.

Concepto	Descrición	Previsión actual / €	Incremento / €	Previsión resultante / €
750.80	Transferencia de capital da Comun. Autónoma	0,00	18.335,15	18.335,15

O financiamento desta xeración de créditos farase con cargo ao compromiso firme de achega que resulta da subvención en réxime de concorrencia non competitiva a entidades locais da Xunta de Galicia para acondicionamento de camiños en Servia (Vilacova).

SEGUNDO.- A Modificación aprobada producirá efectos dende a data desta resolución e incorporaranse á contabilidade xeral a través do correspondente documento MC ou de modificación de créditos (gastos) e do documento de modificación das previsións iniciais do orzamento de ingresos.

TERCEIRO. No caso de que na execución do proxecto de gasto existan economías, autorízase a realizar unha XC/; necesaria para o axuste final do proxecto de gasto.

CUARTO. Dar conta ó Pleno da Corporación da presente Resolución na primeira sesión ordinaria que teña lugar, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

QUINTO. Contra a súa aprobación, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso – administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, polo Alcalde, Esteban Ares García; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).